

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **18 de xaneiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Novoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de xaneiro de 2017 , ás 17:30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE DECEMBRO 2017.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de decembro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pregunta, respecto dunha noticia publicada na prensa de hoxe na que o presidente anuncia investimentos para o hotel termal da cidade, se se lle pode facilitar información ao respecto, ao mesmo tempo que formula a queixa á Presidencia de que a corporación se teña que informar precisamente pola prensa e non polas canles internas da propia corporación.

A **presidenta da comisión** indica que se dará cumprida resposta por escrito.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, que na comisión do mes pasado, a súa compañeira Isabel preguntou polo grao de execución do plan termal ao día da data, que a dita pregunta foi contestada por escrito, indicándose que o grao de execución era ao redor do 54%, polo que solicita ampliación desa información, no sentido de que se lle detallen as actuacións xa executadas. Por último, volve preguntar polo estado no que se encontra a creación da rede de albergues, aprobada nunha moción plenaria.

A **presidenta da comisión** indica que as ditas xestións se están levando desde o INORDE e que o obxectivo é ter a rede en pleno funcionamento para o Xacobeo 2020-2021.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, pregunta que pasará con aqueles albergues da provincia que non se encontran en tramos do camiño de Santiago.

A **presidenta da comisión** responde que se ben o obxectivo principal da rede é relacionalos co dito camiño de Santiago, o resto de albergues da provincia tamén poderán incorporarse á rede para outros efectos que se determinarán.

E, ás 18.08 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certificado.